




1. EMPRAZAMENTO



DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Vigo. Municipios: Bueu e Moaña. Parroquias: en Bueu a parroquia de Santiago de Ermelo; e en Moaña, unha parte testemuñal de San Martiño de Moaña. Extensión: 0,83km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Esta unidade de cabeceira se modela en vertente desde a parte alta dos montes Ermelo e Paralaia, a máis de 400m de altitude. Constitúe a cabeceira do Rego de Bouzos, cuxa vaguada despidese da unidade no seu extremo sur a máis de 310m de altitude. Por iso, os desniveis non son excesivos e pódese dicir que estamos ante unha unidade de serra costeira, pois ocupa a parte alta da mesma. Os cambios de dirección do val e o relevo fan que esta parte da vertente meridional do Morrazo quede parcialmente oculta á costa. As pendentes máis frecuentes atópanse entre o 5% e o 25%.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Dominio total das rocas plutónicas, das rocas ígneas. Toda a unidade se modela nun granitoide de afinidade calcoalcalina, en concreto unha granodiorita con megacrístais de feldespato.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Ambiente climático Cálido e Moi Húmido caracterizado por temperaturas medias anuais por encima de 14°C, oscilación térmica entre 12,5°C e 13,5°C e precipitacións abundantes que poden variar entre os 1400mm de mínima acumulada ao longo do ano e os 1800mm de máxima no Monte Paralaia debido ao efecto orográfico sobre as masas de aire húmido procedentes do océano.

OS SOLOS

Dominio dos solos esqueléticos, pouco evolucionados, con apenas dous horizontes no seu perfil, que soportan principalmente usos forestais pola súa pobreza mineral e orgánica. Os tipos máis característicos son os regosoles, estendidos sobre todo na metade occidental da unidade. Nos tramos de maior pendente, que experimentan procesos erosivos máis intensos, tan só chégase a formar un solo aínda máis degradado, tipo leptosol lítico, no que boa parte da súa capa superficial presenta abundantes afloramentos do substrato rochoso. Estas son as terras características dos altos de Paralaia.


AS AUGAS

A única arteria fluvial de significación é o propio Rego Bouzos que configura unha pequena conca entre os montes Ermelo e Paralaia. O resto do sistema de augas continentais apenas ten relevancia xa que está formado por cursos estacionais aos que se asocian pequenas vaguadas.

O PATRIMONIO NATURAL

Esta área próxima ao lugar de Ermelo transformouse profundamente no que respecta á cuberta vexetal. Carece practicamente de vexetación natural. Extensos piñeirais e eucaliptais deixan só as elevacións do Outeiro de Paralaia para as extensións da matogueira que, potencialmente, debe conter brezais secos europeos (hábitat 4030). Non existen afloramentos que engadan hábitats ripícolas. O monte alto está composto por masas mixtas nas que quedan algunhas formacións dispersas de carballos, con algúns bosquetes nos que dominan esas quercíneas. O hábitat que representa os restos deses bosques frondosos é o 9230, Bosques galaico-portugueses de Quercus robur e Quercus pyrenaica.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A unidade presenta un marcado uso forestal, dominado por extensas masas de piñeirais e eucaliptais. Ao noroeste da unidade apréciase un uso agrícola como resultado da influencia dos campos de cultivos que rodean o núcleo de Ermelo da unidade lindeira.

MORFOLOXÍA

Esta unidade caracterízase pola escasa presenza de actividades humanas, o que inclúe os asentamentos poboacionais. Non hai ningún núcleo de orixe tradicional na unidade e a rede viaria é escasa.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

No territorio a rede viaria é moi débil, xa que non hai tampouco núcleos importantes nin terras agrarias que conectar. Só a vía sen asfaltar que discorre polo extremo leste introduce algunha conexión co resto do territorio.

PATRIMONIO HISTÓRICO

A presenza de antigos asentamentos na unidade queda reflexada con abundantes achados arqueolóxicos, o castro de Erbello, petroglifos e algún achado illado. Non existe patrimonio catalogado na presente unidade, consecuencia da ausencia de asentamentos históricos importantes.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Unidade pouco antropizada na que a ausencia de fenómenos de colonización importantes ou de explotación intensa do solo para labores agrícolas configura unha marcada paisaxe forestal caracterizado por plantacións de piñeiros e eucaliptos.

DINÁMICA DA PAISAXE

As actividades antrópicas neste territorio sempre foron moi escasas e con pouca capacidade transformadora, constituíndo unha paisaxe de escaso dinamismo cuxo elemento dominante son as extensas masas forestais. No entanto apréciase un aumento de estas masas forestais de repoboación.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Esta paisaxe forestal non ten un especial valor ambiental e paisaxístico e non está incluída en ningunha figura de protección. Con todo cabe destacar o bosque autóctono situado na contorna de Mataxente. Sen embargo, cabe destacar o bosque autóctono situado no entorno de Mataxente. Destacamos o Outeiro de Peraia como o mellor punto de visibilidade da unidade.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS



















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Non se contemplan áreas de requalificación na presente unidade de paisaxe.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros




Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



